



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

Rexistro

## SOLICITUDE DE CACHARELA DE SAN XOAN 2021

### Solicitante (Debido ao Covid-19 só cacharelas privadas)

|           |                                |                    |
|-----------|--------------------------------|--------------------|
| DNI / CIF | Nome e Apelidos / Razón Social |                    |
| Enderezo  |                                |                    |
| Parroquia | Teléfono                       | Correo electrónico |

### Representante

|           |                                |                    |
|-----------|--------------------------------|--------------------|
| DNI       | Nome e Apelidos / Razón Social |                    |
| Enderezo  |                                |                    |
| Parroquia | Teléfono                       | Correo electrónico |

### Datos da cacharela

|                                                                               |                                                        |  |
|-------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|--|
| Lugar da cacharela                                                            |                                                        |  |
| Data                                                                          | Hora                                                   |  |
| Tipo<br><input type="checkbox"/> Cacharela <input type="checkbox"/> Sardiñada | Tipo de propiedade<br><input type="checkbox"/> Privada |  |

- **O solicitante comprométese en todo momento a adoptar as medidas hixiénico-sanitarias recomendadas para facer fronte á Covid-19 (distancia seguridade, máscara...)**
- A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.
- A fogueira gardará as distancias mínimas marcadas polo concello con respecto a vivendas, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- O/A solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.
- As solicitudes presentaranse a través do rexistro do concello en horario de 09:00 a 14:00, ou ben a través da sede electrónica <https://sede.boqueixon.com/opencms/es/>
- **O prazo de presentación será ata o día 21/06/2021 ás 23:59, as presentadas fora de prazo non se resolverán.**

**O solicitante manifesta coñecer e responsabilízase de cumprir as normas establecidas, das que recibe copia no momento de presentar esta solicitude.**

Boqueixón, \_\_\_\_\_ de xuño de 2021

Asinado: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN**



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

NORMAS BÁSICAS:

1. As persoas que desexen realizar unha cacharela, presentarán a solicitude correspondente no rexistro deste do concello en horario de 09:00 a 14:00, ou ben a través da sede electrónica <https://sede.boqueixon.com/opencms/es/>, o prazo de presentación será ata o día **21/06/2021 ás 23:59**, as presentadas fora de prazo non se resolverán,
2. Sinalar o lugar elixido, así como o nome, enderezo e teléfono dos responsables da organización, que deberán ser responsables de coidar os arredores.
3. O volume de combustible da cacharela non sobrepasará os oito (8) metros de perímetro nin os tres (3) de altura.
4. A separación entre as cacharelas e os edificios e árbores será, como mínimo, de vinte (20) metros. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como, de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
5. Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, etc., e en xeral, calquera substancia que ó arder desprenda fume tóxico.
6. En ningún caso se botará ó lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda cando estean baleiros.
7. No suposto de que a cacharela se realice sobre terreos de uso público enlousado, os organizadores encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
8. Ó rematar a cacharela e antes de abandonar o lugar, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e a pavimentación quede no mesmo estado no que se atopaba antes de iniciarse o lume.
9. Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ó remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematada a cacharela e/ou sardiñada.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

### INFORMACIÓN AVANZADA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección en LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

**1.- Dpo:** O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@boqueixon.es.

**2.- Finalidade do tratamento:** Os datos serán empregados para prestarlle o mellor servizo no marco das funcións que sexan competencia dos Servizos Sociais do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, en particular, consultas de natureza persoal (información xurídica, problemáticas sociais de distinta índole, educación familiar, atención psicolóxica, asistencia a necesidades sociais específicas, asistencia ó centro de información á muller (CIM)...).

Para a correcta prestación do servizo, poder ser necesario solicitarlle datos sobre o seu estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir sendo moi importante que nos informe correctamente sobre os mesmos.

**Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e, no suposte de solicitar a supresión dos mesmos, serán conservados ata que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

**3.- Lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

**4.- Destinatarios de cesións:** Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos Servizos Sociais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONG´s...) colaboradoras dos Servizos Sociais do CONCELLO DE BOQUEIXÓN directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste negociado.
- Xunta de Galicia con competencias na materia coa finalidade de cumprir coas obrigas de elaboración dos informes mensuais de consultas e da "memoria e funcionamento anual" e para facilitar, con carácter xeral a comprobación do axeitado funcionamento do centro de Servizos Sociais, dentro dos parámetros da normativa que os regula.
- Concellos distintos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa intervención social.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xuridiccionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza.

No caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

**5.- Dereitos:** CONCELLO DE BOQUEIXÓN dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@boqueixon.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: [www.aepd.es](http://www.aepd.es)
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

SINATURA: